



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

Rexistro nº: UVIGO1505 Nº 200305006325
23-12-03

Nun escrito con data 25 de novembro gran parte do persoal que desenvolve a súa actividade no edificio chamado aulario pon en coñecemento do Comité Intercentros as seguintes deficiencias:

- Existencia de goteiras nas dependencias de Extensión Universitaria con risco de que poidan afectar a rede eléctrica e polo tanto poñer en perigo a integridade física do persoal que desenvolve o seu traballo nesta parte do edificio.
- Inexistencia de calefacción substituída momentaneamente por estufas eléctricas e sistemas xeradores de aire quente que están a provocar fallos continuos no subministro de electricidade.

Entre os acordos do pleno do Comité Intercentros celebrado o pasado 4 de decembro está esixir a solución inmediata destas deficiencias, razón pola que lle pedimos que tome as medidas necesarias para que se corrixan as deficiencias denunciadas nese edificio e se dean así as condicións óptimas para desenvolvemento da actividade laboral.

Vigo, 6 de novembro de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO